

**NORMATIVA DE PRÁCTICAS EXTERNAS EN EMPRESAS E
INSTITUCIÓN**

ÍNDICE

Artigo 1. OBXECTO E ÁMBITO.....	3
Artigo 2. REGULACIÓN.....	3
CAPÍTULO I.....	3
Artigo 3. OFERTA.....	3
CAPÍTULO II.....	4
Artigo 4. XESTIÓN DAS PRÁCTICAS.....	4
CAPÍTULO III.....	5
Artigo 5. DOS CONVENIOS.....	6
CAPÍTULO IV.....	7
Artigo 6. VÍNCULO DOS E DAS ESTUDANTES COA EMPRESA OU ENTIDADE.....	7
Artigo 7. DEREITOS DOS ESTUDANTES.....	8
Artigo 8. DEBERES DOS ESTUDANTES.....	9
CAPÍTULO V.....	9
Artigo 9. CONVOCATORIA DAS PRÁCTICAS.....	9
Artigo 10. SELECCIÓN DOS ESTUDANTES.....	10
Artigo 11. MATRÍCULA.....	11
CAPÍTULO VI.....	11
Artigo 12. AVALIACIÓN.....	11
CAPÍTULO VII.....	12
Artigo 13. RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS.....	12
Artigo 14. CUANTIFICACIÓN DO CRÉDITO EN PRÁCTICAS EN EMPRESAS OU ENTIDADES.....	13
CAPÍTULO VIII.....	13
Artigo 15. RÉXIME DE ASEGURAMENTO.....	13
CAPÍTULO IX.....	13
Artigo 16. PRÁCTICAS NA PROPIA USC.....	14
CAPÍTULO X.....	14
Artigo 17.- PRÁCTICAS EN EMPRESAS A TRAVÉS DO PROGRAMA ERASMUS.....	14
Artigo 18. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.....	15
CAPÍTULO XII.....	16
Artigo 19.- SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE.....	16
DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.....	16
DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.....	16
DISPOSICIÓN ADICIONAL.....	17
DISPOSICIÓN DERROGATORIA E TÁBOA DE VIXENCIAS.....	17
ANEXO I.....	18

A modificación dos plans de estudos operada a partir do Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, supuxo a incorporación como parte dos estudos universitarios da realización de prácticas fóra da Universidade, así como que os estudantes puideran realizar actividades en empresas e entidades como parte da súa formación académica dentro da súa libre configuración curricular. A elo contribuíu tamén o R. D. 1497/1981, do 19 de xuño, modificado polo Real decreto 1845/1994, do 9 de setembro, que establecen o marco xurídico para os programas de cooperación educativa con empresas e entidades.

Para os estudos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, a normativa de prácticas vén regulada no Real decreto 1393/2007, *de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.*

Neste Real decreto se sinala na propia exposición de motivos que *“La posibilidad de introducir prácticas externas viene a reforzar el compromiso con la empleabilidad de los futuros graduados y graduadas, enriqueciendo la formación de los estudiantes de las enseñanzas de grado, en un entorno que les proporcionará, tanto a ellos como a los responsables de la formación, un conocimiento más profundo acerca de las competencias que necesitarán en el futuro”.*

Pola súa banda o artigo 12.2 indica que *“Los planes de estudios tendrán 240 créditos, que contendrán toda la formación teórica y práctica que el estudiante deba adquirir: aspectos básicos de la rama de conocimiento, materias obligatorias u optativas, seminarios, prácticas externas, trabajos dirigidos, trabajo de fin de Grado u otras actividades formativas (art. 12.2). Si se programan prácticas externas, éstas tendrán una extensión máxima de 60 créditos y deberán ofrecerse preferentemente en la segunda mitad del plan de estudios”*

No anexo desta Norma tamén se establece, no seu apartado 9.3 da Memoria do plan de estudos, que debe incluírse dentro do sistema de “garantía da calidade” os *“procedementos para garantir a calidade das prácticas externas”*

Para facer efectivo este mandato normativo así como afrontar a dispersión das normas internas relativas ás prácticas en empresas e entidades para os plans de estudos anteriores ao Real decreto 1393/2007, cómpre reunir nun só regulamento o réxime xurídico das prácticas, dende a conformación e control da oferta, á aprobación de convenios con empresas e entidades, e a avaliación e recoñecemento das prácticas realizadas, regulando o papel de cada órgano cara á consecución dunhas prácticas de calidade na Universidade de Santiago de Compostela.

En consecuencia, o Consello de Goberno, na súa reunión do 30 de maio de 2008

ACORDA

Artigo 1. OBXECTO E ÁMBITO

1. A presente Normativa será aplicable á realización de prácticas en empresas ou entidades, tanto para os estudos de primeiro ciclo e segundo ciclo impartidos ao abeiro do Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, como para as titulacións de posgrao do Real decreto 56/2005, como as novas titulacións oficiais ditadas ao abeiro do Real decreto 1393/2007.

A Normativa afecta ás prácticas organizadas polas facultades e escolas, polos posgraos oficiais, polo Consello Social, pola Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) e polas entidades que colaboren coa Universidade de Santiago de Compostela (USC).

2. Exclúense desta Normativa as prácticas en empresas ou entidades realizadas en estudos conducentes á obtención de títulos propios e sen validez en todo o territorio nacional. As prácticas dos títulos propios regularanse polos convenios asinados para tal fin, sendo supletorios, no que sexa de aplicación, os principios establecidos na presente normativa.

Artigo 2. REGULACIÓN

1.- A realización de prácticas en empresas ou en entidades públicas ou privadas, ademais das normas reguladoras dos estudos oficiais, regularase polo Real decreto 1497/81, do 19 de xuño, modificado polo Real decreto 1845/1994, do 9 de setembro, polo presente acordo e polos convenios que se asinen conforme ao Regulamento para a xestión de convenios na Universidade de Santiago de Compostela, así como polas propias convocatorias e demais disposicións xerais de aplicación.

2.- Con independencia do órgano convocante, seralles de aplicación aos procedementos de selección de estudantes para a realización de prácticas a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en particular en materia de prazos e impugnacións.

3.- Serán de aplicación supletoria as Normas de Xestión Académica da USC e as resolucións e acordos de desenvolvemento posteriores, no que non se opoñan á presente Normativa.

CAPÍTULO I

OFERTA DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

Artigo 3. OFERTA

1. Prácticas en licenciaturas, enxeñarías ou diplomaturas (plans de estudos establecidos ao abeiro do Real decreto 1497/1987).

Corresponde á Vicerreitoría con competencias en oferta docente a aprobación, actualización e publicación da oferta de prácticas en empresas ou entidades, de conformidade cos convenios e acordos asinados por esta ou polas súas entidades colaboradoras. Para estes efectos os centros e servizos, o Consello Social e FEUGA darán conta á Vicerreitoría, dos convenios asinados e da oferta de prazas que propoñen. A información sobre a oferta deberá enviarse á Vicerreitoría mensualmente.

A convocatoria das prácticas realizarase a través das facultades e escolas, do Consello Social ou da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), conforme ás bases ou normas que estableza a Universidade para o seu recoñecemento como estudos universitarios. As prácticas imputables como créditos por equivalencia dun plan de estudos concreto só as poderá organizar o centro respectivo. As prácticas recoñecibles como créditos de libre elección poderanas organizar tanto as Facultades e Escolas como o Consello Social e FEUGA. Naqueles centros nos que exista un programa propio de prácticas non se ofertarán o mesmo tipo de prácticas polo Consello Social, agás que o centro así o solicite.

2.- Prácticas en titulacións de grao e posgrao (plans de estudos establecidos ao abeiro dos Reais decretos 56/2005 e 1393/2007)

Corresponde á Vicerreitoría con competencias en oferta docente, ao Consello Social e aos centros a función de establecer os contactos coas empresas ou entidades nas que os alumnos poden realizar prácticas externas.

Corresponde á Vicerreitoría con competencias en oferta docente a sinatura dos convenios de prácticas, para a posterior validación polo Consello de Goberno, e a actualización e publicación desta oferta de prácticas en empresas ou entidades en titulacións oficiais pola Vicerreitoría competente.

A convocatoria das prácticas realizarase exclusivamente a través do Centro ou da Comisión Académica responsable da titulación, conforme o establecido neste Regulamento.

CAPÍTULO II

XESTIÓN DAS PRÁCTICAS

Artigo 4. XESTIÓN DAS PRÁCTICAS

1..Cada centro establecerá un coordinador de prácticas, nomeado polo decano ou decana ou polo director/a de entre os membros do equipo de dirección. A súa misión será a de incentivar a participación de empresas e estudantes no programa, coordinar todo o proceso, participar na asignación de títors e coordinar o seguimento e avaliación das prácticas, dende o punto de vista académico. Así mesmo será o responsable de

asinar as actas de prácticas externas conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento de avaliación que se estableza.

2. Así mesmo designarase un titor académico que será un profesor da titulación nomeado polo centro para cada práctica ofertada e coa misión de facer un seguimento máis directo da práctica, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e informar en primeira instancia sobre as memorias de prácticas entregadas polo estudante e a empresa.

3.- Os responsables de unidades de apoio á xestión de centros e departamentos teñen a misión de apoiar o proceso de prácticas en empresas en todos os aspectos administrativos relativos ao centro. Terán, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Realizar tarefas de información aos estudantes da USC sobre convocatorias, condicións, trámites, etc..
- b) Colaborar na selección dos alumnos que realizarán as prácticas (elaboración de listas, baremos, publicación de propostas, etc.).
- c) Remisión á UXA dos admitidos para formalizar a matrícula.
- d) Colaboración na resolución de incidencias coas empresas.
- e) Remisión das actas, resolucións ou certificacións para a súa anotación nos expedientes dos alumnos.
- f) Xestión dos titores de prácticas e transmisión da correspondente información actualizada.
- g) Remisión das listaxes de alumnos en prácticas á Vicerreitoría competente para a súa remisión á Inspección de traballo.
- h) Arquivo de toda a documentación administrativa xerada polos procesos de práctica en empresas no centro.

4.- Os centros poderán dotarse, para estes efectos, e se a complexidade ou amplitude dos programas de prácticas así o recomendan, dunha Comisión de Xestión de Prácticas para unha ou varias titulacións do Centro.

5.- Unha vez realizada a adxudicación de alumnos a empresas, os responsables das prácticas remitirán a Vicerreitoría competente a listaxe de alumnos e empresas, así como os períodos de realización das prácticas externas para os efectos de remitila dende esa Vicerreitoría á Inspección de Traballo.

CAPÍTULO III

CONVENIOS

Artigo 5. DOS CONVENIOS

1- As propostas de convenios de cooperación educativa que xestione a USC directamente ou a través das súas facultades e escolas, do Consello Social, de FEUGA ou de entidades colaboradoras da Universidade deben ser tramitadas conforme ao *Regulamento para a xestión de convenios* da USC. Os convenios deberán ser aprobados polo Consello de Goberno e asinados polo reitor ou persoa en quen delegue segundo o disposto nese Regulamento, e establecerán sempre e en todo caso un responsable do convenio por parte da USC.

2. As propostas de convenio deberán conter:

- a) Identificación dos órganos que asinan e a representación legal que ostentan.
- b) O obxecto e as partes.
- c) Número de prazas, ou sistema de concreción anual.
- d) Tempo de realización das prácticas.
- e) Número de horas de que constarán as prácticas e número de créditos que se poderán imputar como libre configuración curricular para as titulacións reguladas consonte ao RD 1497/87.
- f) Titulacións obxecto das prácticas en empresas ou entidades.
- g) Responsable na empresa ou entidade para o desenvolvemento das prácticas.
- h) Órgano universitario responsable das prácticas.
- i) Período de vixencia, que en ningún caso poderá ser inferior a dous anos, e sistema de denuncia. En todo caso non se poderá rescindir mentres existan alumnos realizando prácticas.
- l) Procedemento de selección dos estudantes.
- m) Sistema de aseguramento.
- n) Comisión de seguimento.
- ñ) Procedemento de resolución de conflitos.
- o) Xurisdición competente.

3.- A Universidade poderá aprobar convenios-marco nos que se concretará anualmente a oferta de prazas polo mecanismo que se estableza no Convenio. Tamén aprobará convenios-tipo de prácticas en empresas ou entidades que garantan unha uniformidade no desenvolvemento desta actividade. Unha vez aprobado o convenio-tipo non será necesario aprobar individualmente cada un deles nin sometelos aos controis previos establecidos na normativa, aínda que se manteña o procedemento e control xeral de convenios.

4.- En todas as relacións con empresas ou entidades para a realización de prácticas deberá existir un único interlocutor da USC con independencia da natureza das prácticas.

Os convenios de FEUGA ou doutras entidades colaboradoras relativos a prácticas de estudantes da USC non poderán ser concorrentes cos propostos polos centros da USC, e deberán ser remitidos á Oficina de Relacións Exteriores da USC para o seu rexistro, así como figurar na oferta de prácticas da universidade.

5.- Para a realización de prácticas en plans de estudos establecidos ao abeiro do Real decreto 1497/1987 os estudantes poderán propiciar a través das facultades e escolas da USC, do Consello Social ou de FEUGA, a oferta de prácticas nunha determinada empresa ou entidade, sempre que non exista convenio previo con ela. O órgano receptor procederá a tramitar o convenio correspondente a esta proposta, para poder ofertar as prácticas nese curso e en cursos seguintes. Neste suposto terá dereito preferente e por unha soa vez, os estudantes que propiciaron o convenio.

Non obstante, a referida empresa ou entidade non pode estar participada en máis dun 10% ou dirixida ou administrada polos estudantes solicitantes ou por persoas que teñan con eles parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo. Para estes efectos o estudante formalizará a oportuna declaración xurada. No caso de falsidade procederáse, previa audiencia do estudante, á anulación automática das prácticas e dos seus efectos de recoñecemento no seu expediente, sen prexuízo das accións disciplinarias e penais que procedan.

6- Non será válida ningunha práctica realizada en empresas ou entidades con anterioridade á entrada en vigor dun convenio.

7.- A sinatura dun convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas non suporá a adquisición de compromisos de carácter contractual ou laboral coa empresa ou entidade.

8.- No caso de negligencia ou incumprimento moi grave das obrigas da empresa ou entidade, a USC, previa reunión da comisión de seguimento, poderá proceder á revogación de todos os convenios formalizados coa mesma e a impedir a nova subscripción de acordos, sen prexuízo de esixir as responsabilidades a que houbera lugar.

CAPÍTULO IV

RELACIÓN DOS E DAS ESTUDANTES COA EMPRESA OU ENTIDADE

Artigo 6. VÍNCULO DOS E DAS ESTUDANTES COA EMPRESA OU ENTIDADE.

1. A vinculación dos e das estudantes en prácticas coas empresas ou entidades asinantes

do convenio de colaboración non terá en ningún caso carácter laboral nin a consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe, tempo parcial ou calquera outra modalidade existente.

2. Os estudantes en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade na empresa ou entidade, nin realizar tarefas propias e exclusivas do persoal da mesma. As actividades estarán sempre e en todo caso orientadas á aprendizaxe práctica titorizada.

3. A empresa ou entidade non poderá cubrir co estudante en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino. Non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre a empresa ou a entidade e o estudante mentres sexa aplicable o convenio de colaboración respecto dese estudante.

Artigo 7. DEREITOS DOS ESTUDANTES

1. Os estudantes admitidos ás prácticas terán dereito a contar con un titor/a externo, da empresa ou entidade na que realicen as prácticas, e un titor/a académico, do cadro de profesorado con docencia na titulación.

2. Os estudantes terán dereito a seren avaliados no desenvolvemento das súas actividades, conforme ao que se estableza no programa para as mesmas. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación establecidos. Estes obxectivos deberán ser coñecidos polos titores da empresa ou entidade. Os estudantes terán dereito a coñecer os criterios de avaliación.

2. Os estudantes cunha avaliación positiva do seu período de prácticas terán dereito ao recoñecemento dos créditos cursados segundo corresponda coa súa matrícula

3. Finalizado o período de prácticas, os estudantes terán dereito a que se lles expida unha certificación con mención expresa do nivel acadado na súa avaliación total dentro da empresa ou entidade, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.

4. No caso de que o estudante, unha vez matriculado, non recibise a formación en prácticas por incumprimento da empresa ou da entidade, se as prácticas fosen obrigatorias no plan de estudos, o Centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade de prácticas na mesma convocatoria e, de resultar imposible, terán dereito á devolución dos prezos públicos aboados e preferencia na asignación do dispositivo de prácticas na convocatoria seguinte. No caso de prácticas non obrigatorias poderá optar ou ben pola devolución dos prezos públicos abonados, pola matrícula noutra materia/s, ou pola súa inclusión nunha lista de agarda ou inscrición automática nunha nova convocatoria. Estes estudantes terán preferencia sobre os novos solicitantes.

Artigo 8. DEBERES DOS ESTUDANTES

1. Os estudantes admitidos no programa de prácticas deberán formalizar a matrícula, logo de seren admitidos e antes do inicio das mesmas. A non formalización da matrícula nos prazos establecidos suporá a renuncia á realización de prácticas nese curso académico.
2. Os estudantes en prácticas deberán cumprir e respectar o sistema organizativo da empresa ou entidade, e gardar o debido silencio respecto dos asuntos que coñezan no desenvolvemento das prácticas. O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas e o exercicio de accións disciplinarias.
3. Os estudantes están obrigados á realización do número total de créditos dos que estean matriculados de acordo co establecido no plano de estudos.

CAPÍTULO V

SELECCIÓN DE ALUMNOS PARA A REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS E FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Artigo 9. CONVOCATORIA DAS PRÁCTICAS

1. Unha vez aprobada, actualizada e publicitada a oferta de prácticas externas, a Vicerreitoría con competencias en oferta docente, os órganos competentes das facultades e escolas, o Consello Social e FEUGA segundo corresponda en virtude do establecido no artigo 3, procederán a convocar as prácticas mediante resolucións específicas que deberán ser publicadas na sede electrónica da USC e nos taboleiros de anuncios dos centros e organismos convocantes e de información xeral da USC, preferentemente antes do inicio de cada cuadrimestre. A convocatoria de prácticas do Consello Social e de FEUGA deberá ser publicada así mesmo nos centros onde cursen estudos os estudantes a quen van dirixidas.
2. Realizaranse, como mínimo, dúas convocatorias de prácticas en cada curso académico, nos períodos que se fixen na convocatoria. A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder do período ordinario do curso académico.
3. As convocatorias deberán conter o seguinte
 - a) Referencia ao Convenio que ampara as prácticas.
 - b) Empresa, entidade, unidade ou dispositivo na que se realizarán as prácticas.
 - c) Número de prazas por empresa ou entidade.
 - d) Lugar, prazo e horario indicativo de realización das prácticas.
 - e) Número de horas de que constarán as prácticas, materias ou concepto ás que se imputarán e o número e o tipo de créditos que poden recoñecerse.

- f) Titulacións ás que se imputarán as prácticas externas.
- g) Requisitos e criterios para a selección.
- h) A oferta de bolsas, axudas ou indemnizacións por parte da empresa ou entidade aos estudantes seleccionados para a realización das prácticas.
- i) Órgano responsable na empresa ou entidade.
- j) Órgano responsable universitario na USC.
- k) Órgano de selección.
- l) Obxectivos das prácticas e criterios de avaliación.
- m) Prazo das solicitudes, que en ningún caso poderá ser inferior a dez días hábiles, e lugar da súa presentación.
- n) Prazo de matrícula, obrigatorio antes de iniciar as prácticas.
- o) Prazos e efectos da renuncia unha vez seleccionado e listas de agarda.
- p) Criterios de avaliación das prácticas.
- q) Recursos que proceden contra a convocatoria.

Artigo 10. SELECCIÓN DOS ESTUDANTES

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 71 das Normas de Xestión Académica, o órgano previsto na convocatoria efectuará a selección dos estudantes conforme aos criterios establecidos, que deberán ser taxados e nos que preferentemente se terá en conta o rendemento académico. No caso de que a convocatoria das prácticas non concrete a valoración dos méritos, o órgano de selección deberá elaborar e publicar ditos criterios con anterioridade á análise dos expedientes.

2. A Universidade establecerá mecanismos administrativos para que os estudantes non presenten documentos que xa obren en poder da Administración universitaria convocante.

3. Realizada a selección, faranse públicas as relacións de admitidos coa correspondente lista de agarda. A resolución indicará os trámites necesarios para a realización efectiva das prácticas, así como o prazo de renuncia e as consecuencias da renuncia realizada con posterioridade a esa data. Contra a lista provisoria de admitidos poderán interpoñerse reclamacións no prazo que se estableza na convocatoria, que non será inferior a tres días hábiles nin superior a dez, que serán resoltas no mesmo prazo polo mesmo órgano convocante. De existir modificacións realizarase unha nova lista de definitiva de admitidos.

4. Agás nos supostos en que o alumno xa figure matriculado das prácticas externas unha vez seleccionados os estudantes e rematado o prazo de renuncia, o órgano convocante dará traslado da relación de estudantes admitidos á Unidade de Xestión Académica correspondente, co fin de que formalicen a matrícula.

Artigo 11. MATRÍCULA

1. Antes do inicio das prácticas, o estudante ten que ter formalizada a oportuna matrícula na Unidade de Xestión Académica, e liquidar os prezos públicos que lle correspondan.
2. Formalizada a matrícula, a Unidade de Xestión Académica expedirá a credencial definitiva para a realización das prácticas na empresa ou entidade correspondente.
3. Os estudantes deberán ter en conta as recomendacións do plano de estudos en relación coa organización temporal dos estudos e a realización das prácticas externas.
4. Serán impedimentos para formalizar matrícula os seguintes:
 - a) Non estar matriculado na USC na data da convocatoria de prácticas.
 - b) Ter rematado os estudos e realizado o depósito do título antes da matrícula das prácticas, agás que se matriculase noutra titulación ou especialidade.
 - c) Ter cuberto o número máximo de créditos para prácticas en empresas e entidades ou de libre configuración curricular.
 - d) Ter realizadas as prácticas na mesma empresa ou entidade en convocatoria precedente, agás que a actividade a realizar o sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nesa empresa.
5. A falta de matrícula previa á realización das prácticas impedirá, en todos os casos, a súa avaliación ou a imputación ou o recoñecemento no expediente do estudante dos créditos por equivalencia correspondentes.

CAPÍTULO VI

AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS

Artigo 12. AVALIACIÓN

1. A avaliación das prácticas, tanto as realizadas polo sistema de créditos por equivalencia como as prácticas que figuran como materias do plan de estudos, levaraa a cabo un coordinador de prácticas.
2. A avaliación realizarase tendo en conta a memoria que deberá presentar o estudante ao final das prácticas, do informe do responsable das prácticas na empresa e, no seu caso, dos informes dos profesores responsables das prácticas ou do practicum.

2. O titor/a comunicará a cualificación ao coordinador ou coordinadora de prácticas, que será o encargado da xestión das actas académicas da materia.

No caso das prácticas convocadas polo Consello Social, FEUGA, ou entidades colaboradoras, o responsable da xestión e sinatura das actas académicas poderá ser o titor académico.

3.- Para as titulacións adaptadas ao EEES e para os practicum o réxime de cualificacións será o ordinario das materias do plan de estudos.

O resto das prácticas cualificaranse como “apto” ou “non apto”. A cualificación será en todo caso de “non apto” no caso de realización efectiva dun número inferior de créditos aos matriculados.

4.. A Secretaría Xeral establecerá as oportunas instrucións en materia de actas así como para a resolución das incidencias detectadas. O réxime de entrega, conservación e custodia das actas será o xeral da USC.

5. Os responsables de unidades de apoio á xestión de centros e departamentos darán traslado das actas á correspondente Unidade de Xestión Académica para a xestión académica do expediente do estudante, e poñerana a disposición do centro ou organismo convocante das prácticas, aos efectos estatísticos e de avaliación do rendemento das prácticas.

CAPÍTULO VII

RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS EN LICENCIATURAS, ENXEÑARÍAS E DIPLOMATURAS (TITULACIÓNS REGULADAS POLO REAL DECRETO 1497/1987)

Artigo 13. RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS

1. De conformidade coa convocatoria e cos planos de estudo e tendo en conta o expediente dos estudantes, as prácticas que non teñan carácter obrigatorio ou troncal imputaranse como créditos por equivalencia ou como libre configuración á titulación que estea a cursar o estudante. Con este fin, será necesario acreditar a superación das prácticas mediante acta ou certificación oficial.

2. No expediente académico reflectirase a empresa ou entidade na que realizou as prácticas, o número de créditos realizado e a avaliación recibida. Así mesmo, o contido das prácticas pode ser certificado polo órgano competente da empresa ou entidade.

3. Cando as prácticas rematen no curso seguinte ao que foron matriculadas, con carácter xeral, a imputación farase no curso no que se iniciaron agás que o alumno solicite imputalas ao curso no que as remata. En calquera caso no expediente deberá figurar a data de comezo e a data de remate.

4. Para os casos de recoñecemento, o período de conclusión de estudos será o correspondente á data de pagamento dos prezos públicos.

5. As prácticas noutras universidades españolas ou estranxeiras unicamente poderán ser recoñecidas se foron realizadas ao abeiro de convenios de intercambio ou colaboración asinados previamente pola USC e figuran no correspondente compromiso de estudos asinado polo estudante, agás o establecido no artigo 17.

6. Non se poderán recoñecer máis de cincocentas horas de prácticas en empresas ou entidades como créditos de libre configuración. Para este cálculo non se terán en conta as prácticas en empresas ou entidades recoñecidas como créditos por equivalencia nos plans de estudo.

Artigo 14. CUANTIFICACIÓN DO CRÉDITO EN PRÁCTICAS EN EMPRESAS OU ENTIDADES

Para os efectos do recoñecemento de prácticas como créditos de libre elección e créditos por equivalencia, considerarase que un crédito é equivalente a trinta horas lectivas. Non obstante, os convenios específicos poderán establecer, de xeito xustificativo, outras equivalencias en función da natureza da actividade.

Para os plans de estudos adaptados ao EEES, o número de horas por crédito será de vinte e cinco, ou o que determinen os planos de estudos.

CAPÍTULO VIII

SEGURO ESCOLAR

Artigo 15. RÉXIME DE ASEGURAMENTO

1. A realización de prácticas estará cuberta polo seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes. O convenio establecerá a parte que se fai cargo do custo do referido seguro.

2. Para os estudantes maiores de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, a cargo do estudante, un seguro específico.

CAPÍTULO IX

REALIZACIÓN DE PRACTICAS EXTERNAS NA PROPIA USC

Artigo 16. PRÁCTICAS NA PROPIA USC

1. A administración universitaria e as empresas ou entidades con participación maioritaria desta poderán ser receptoras de estudantes en prácticas. A petición dos centros, a Xerencia sinalará os departamentos, servizos ou unidades nas que os estudantes poderán realizar as prácticas, o número de horas e período en que se realizarán preferentemente e os títolos responsables. Esta proposta deberá ser aprobada por Resolución reitoral e formará parte da oferta xeral das prácticas.

2. Poderanse recoñecer como prácticas en empresas ou realizar a acreditación de competencias naquelas actividades que se desenvolvan na administración universitaria relacionadas coa titulación cursada, ben por unha relación de servizos retribuídos ou ben por ser beneficiario dalgún tipo de bolsa. Previa petición do interesado e á vista dos informes da Xerencia, do Departamento ou da Facultade, Escola ou Instituto sobre as actividades que realizou o estudante, o reitor procederá a ditar resolución denegatoria ou estimatoria do recoñecemento solicitado. Este recoñecemento non será de aplicación para as prácticas establecidas con carácter obrigatorio no plan de estudos.

CAPÍTULO X

PRÁCTICAS EN EMPRESAS A TRAVÉS DO PROGRAMA ERASMUS (PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE)

Artigo 17.- PRÁCTICAS EN EMPRESAS A TRAVÉS DO PROGRAMA ERASMUS

1.- O alumnado poderá realizar a través do programa Erasmus unha estada nunha empresa ou organización doutro país participante. A través de este programa os alumnos/as realizarán só as prácticas, sen que se podan incluír outras materias do plano de estudos. Estas prácticas poden ir acompañadas, en caso necesario, de cursos de preparación ou de curso de actualización na lingua de acollida ou de traballo na empresa.

A finalidade do programa é a de contribuír a que as persoas se adapten ás esixencias do mercado laboral a escala comunitaria, adquiran aptitudes específicas e melloren a súa comprensión do contorno económico e social do país en cuestión, ao mesmo tempo que adquiren experiencia laboral.

2.- Os requisitos de acceso ao programa e as axudas que se establezan serán os que se sinalen na correspondente convocatoria, que se elaborará de conformidade coas directrices proporcionadas pola Axencia Nacional. A USC garantirá na convocatoria:

- Que o procedemento de concesión das axudas será transparente, xusto, equitativo, coherente e estar ben documentado.
- Que as persoas que poidan tomar parte nos órganos ou o proceso de selección non entran en conflito de intereses cos beneficiarios individuais.

- Que todos os requisitos relacionados coa selección de estudantes deben ser plenamente transparentes e estar ben documentados, e poranse a disposición de todas as partes implicadas no proceso de selección. O procedemento de concesión das axudas farase público indicando os criterios de elixibilidade, exclusión, selección e concesión.
- Que os criterios de selección serán fundamentalmente os resultados académicos do candidato/a, os coñecementos necesarios da lingua de traballo na organización de acollida, a motivación, etc.

3.- En todo caso os estudantes deben estar matriculados na USC nun programa de estudos que conclúa coa obtención dunha titulación oficial e con validez en todo o territorio nacional, ata o grao de doutoramento, inclusive.

4.- As organizacións de acollida poderán ser empresas, centros de formación, centros de investigación ou outras organizacións. Non se consideran entidades de acollida elixibles as institucións europeas, as organizacións encargadas de xestionar programas da UE, e a representación diplomática nacional do país do estudante no país de acollida.

A efectos da realización de prácticas, non será necesaria a existencia de acordos bilaterais entre a institución de educación superior e a empresa de acollida, posto que están legalmente suxeitos ao cumprimento do acordo de formación de cada estudante asinado polas tres partes implicadas e adxunto ao contrato entre a institución e o estudante.

5.- A USC elaborará o acordo de formación, o programa de traballo, e realizará o seguimento das prácticas do estudante. O acordo de formación inclúe o programa de tarefas ou de traballo que levará a cabo, os resultados da aprendizaxe en materia de coñecementos, as competencias e capacidades que deben adquirirse, as disposicións relativas á titoría, a correspondencia do período de prácticas realizado coa titulación que esta realizando o estudante.

6.- Rematada a estadía procederase ao recoñecemento do período de prácticas do estudante conforme ás normas da USC. O recoñecemento unicamente poderá ser denegado se o estudante non alcanza o nivel requirido pola institución de acollida, incumpre as normas da USC ou do plano de estudos ou ben se incumpren as condicións relativas aos acordos de formación acordados.

CAPÍTULO XI PROTECCIÓN DE DATOS

Artigo 18. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os ficheiros automatizados nos que se sometan a tratamento datos persoais de estudantes, persoal das empresas ou entidades ou outros participantes nos programas de prácticas deberán respectar a lexislación e a normativa da USC sobre protección de datos de carácter persoal e aplicar as medidas de seguridade que correspondan.

CAPÍTULO XII

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DAS PRÁCTICAS EN EMPRESAS OU ENTIDADES

Artigo 19.- SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

1.- Para as titulacións de Grao e Posgrao impartidas en desenvolvemento do Real decreto 1393/2007 estableceranse os seguintes mecanismos de control das prácticas, sen prexuízo doutros que se poidan engadir no Sistema de Garantía de Calidade do Centro ou da Titulación:

- a) Orientación ao estudante a través do coordinador de prácticas ou doutros mecanismos complementarios que se establezan.
- b) Medición da satisfacción de estudantes e empresas a través de enquisas.
- c) Xestión de queixas e reclamacións a través do centro e da Oficina de Análise de Reclamacións.
- d) Memoria e Plan de mellora anual.
- e) Análise e aprobación polo órgano ou comisión responsable da calidade da titulación.

2.- No resto das titulacións establecerase, como mínimo, unha enquisa de satisfacción de alumnos e unha memoria anual.

3.- Sen prexuízo dos sistemas de seguimento e avaliación que aproben as facultades e escolas, o Consello Social ou FEUGA, a Vicerreitoría con competencias en oferta docente poderá establecer mecanismos de avaliación, control e seguimento das prácticas ofertadas co obxecto de adecuar a oferta á demanda e aplicar sistemas de mellora da calidade nos programas de prácticas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

En tanto non se implante o sistema de actas previsto nesta Normativa manteranse vixentes os modelos de certificados a expedir polo Consello Social e FEUGA aos estudantes que superen as prácticas aprobadas polas resolucións de 27 de decembro de 1997 e 9 de marzo de 1999.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

As prácticas realizadas, iniciadas ou convocadas antes da entrada en vigor da presente norma rexeranse pola normativa que as regulaba. O seu recoñecemento dará dereito a percibir os prezos públicos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. Modifícanse as Normas de Xestión Académica, texto refundido aprobado por Resolución Reitoral do 22 de xuño de 2007, de xeito que se suprime o artigo 72.3 e se engade un apartado primeiro ao artigo 67:

“O réxime xurídico das prácticas en empresas e entidades regularase pola *Normativa de Prácticas en Empresas*, aprobada polo Consello de Goberno, polos convenios que as regulan e subsidiariamente polas presentes Normas.”

2. Non serán de aplicación ao recoñecemento académico das prácticas as Resolucións reitorais de 31 de xullo de 1997 e do 15 de marzo de 2001 sobre recoñecemento de estudos ou actividades realizadas noutras universidades, españolas ou estranxeiras.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA E TÁBOA DE VIXENCIAS

Quedan derogadas as seguintes normas, sen prexuízo da súa aplicación para o recoñecemento de créditos polas prácticas cursadas conforme a elas:

- Resolución de 15 de abril de 1996 sobre elaboración de convenios de prácticas en empresas.
- Acordo de Xunta de Goberno de 27 de febreiro de 1997 polo que se aproba o Convenio Marco para a Realización de Prácticas en Empresas que se recoñezan como créditos nos *curricula* dos estudantes.
- Acordo de Xunta de Goberno do 27 de febreiro de 1997 polo que se aproba o recoñecemento de créditos de libre elección por prácticas en empresas organizadas polo Consello Social.
- Resolución de 7 de marzo de 1997 pola que se regulan con carácter xeral as convocatorias de prácticas en empresas.
- Acordo de Xunta de Goberno de 22 de decembro de 1998 polo que se aproba o recoñecemento de créditos de libre elección por prácticas en empresas organizadas por FEUGA.
- Acordo de Xunta de Goberno de 22 de decembro de 1998 polo que se limitan os créditos de libre elección recoñecibles como prácticas en empresas.
- Resolución de 4 de xullo de 2000 pola que se regulan o recoñecemento de prácticas en empresas propiciadas polos propios estudantes.

ANEXO I

Publicación da oferta de prácticas en empresas

Empresa/entidade ou dispositivo de prácticas	Número de prazas	Titulación/s	Período de realización	Titor/a externo	Titor/a académico